



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE OUTUBRO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de outubro de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Alberto Feijoo Rodríguez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Concelleiros non adscritos

D. Antón Sánchez García
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Non asiste:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 22 E 27 DE SETEMBRO DE 2012.

2.- ASUNTOS URXENTES.

3.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar inicio á sesión, preguntase ao público se alguén vai a proceder a gravar á sesión en vídeo para a súa posterior inclusión nas redes sociais de internet.

Un dos asistentes manifesta que si.

A Sra. voceira do PP manifesta: quero argumentar que en xuño presentouse unha Moción do BNG sobre a gravación dos plenos que non foi aprobada, tendo once votos en contra e dous a favor, quero dicir con isto, que so os ditadores impoñen a súa lei e non acatan as decisións do Pleno

A continuación a Sra. alcaldesa indica que se dea comezo á sesión ordinaria.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 22 E 27 DE SETEMBRO DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador das actas correspondentes ás sesións dos días 22 e 27 de setembro de 2012. A Sra. alcaldesa pregúntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular. A Sra. voceira do PP, di que na acta correspondente ao 27 de setembro, na páxina 14, no parágrafo segundo, onde di ...Grupo municipal do Partido Popular: sete (5) votos en contra, debe dicir: **cinco (5)** votos en contra.

Subsanado o devandito erro, apróbanse as dúas actas por unanimidade.

2.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos/a voceiros/a dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Non se presentan.

3.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 24 de setembro ata o 19 de outubro de 2012, numerados do 678/2012 ao 780/2012. O Pleno queda enterado.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

O grupo municipal do Partido Popular, presentou os seus Rogos e Preguntas o día 24 de outubro, co núm. de rexistro de entrada: 9935.

O Sr. concelleiro Alberto Feijoo Rodríguez, pasa seguidamente a formulalos; son os seguintes:

ROGOS:

1.- Reubicación contenedor en Bergondiño situado justo en una curva carretera que va al monasterio.

Sr. concelleiro: invade parte da estrada, xa que parte está na costa, no lateral dun balado, entón hai que movelo cara adianto ou atrás, tratar que non invada a estrada. Solicitouse xa outras veces e non sei se é que non se atopou unha boa ubicación ou que pasou. Sería cuestión de miralo con Manuel Fafián ou cunha persoa que leve isto.

Sra. alcaldesa: neste caso con quen hai que falar é cos técnicos do Consorcio, nos trasladámosllo a eles, que son os que levan a ubicación dos contedores.

2.- Punto de luz en Bergondiño grupo de casas situado en la cuesta que va al monasterio por la parte trasera. A indicación é onde esta a casa de Os Condes, por si aclara algo.

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

3.- Contenedor al lado del campo de la feria para dar servicio al núcleo de casas próximas. En Guísamo.

Sra. alcaldesa: tomamos nota.

4.- Fuente plaza Guísamo abrir la llave de paso y colocar un pulsómetro para poder dar servicio a los vecinos que acuden a la fuente.

Sra. alcaldesa: ese tipo de pulsadores á larga acaban deixando de funcionar.

Sr. concelleiro: e habería algunha maneira con outro sistema de poder manter a fonte, porque hai xente que no lo pide regularmente, supoño que a vos tamén.

Sra. alcaldesa: si.

Sr. concelleiro: pois miralo, para ter unha resposta en firme.

5.- Centro Social de Vixoi: Tejado en mal estado. Tejas sueltas en la parte anterior y en el lateral izquierdo. Urge su reparación.

6.- Aceras carretera de Espíritu Santo a Sada. La maleza invade las aceras y en el tramo de O Casal (Ouces) son intransitables. Hay quejas de todos los usuarios de esta vía.

Sra. alcaldesa: se non recordo mal era un rogo que xa se presentara.

Sr. concelleiro: si, o presentaron mais partidos.

7.- Cuesta de Ouces. A unos cincuenta metros del límite con Sada, hay unas ramas de árboles que obstaculizan el paso de autobuses y camiones, teniendo que parar si viene otro automóvil de frente.

Sr. concelleiro: hai outros tres rogos que non dou tempo a presentalos, se non lles importa paso a expoñelos.

1) En Mesoiro, repoñer o espello ao lado do campo da feira, se que os espellos se rompen ou os rompen frecuentemente, pero parece que houbo un accidente cerca, entón neste caso creo que non foi vandalismo.

2) Por parte dos veciños pídenos que se coloquen máquinas de facer exercicio tamén en Mesoiro, que Santa Marta e os demais lles queda un pouco lonxe, entón se nalgún momento se pode aproveitar.

Sra. alcaldesa: este ano será difícil porque os recortes son moi importantes, e, de feito, a maior parte dos que hai se fixeron con subvencións da Xunta que este ano se non recordo mal, non se fixo esa convocatoria.

Sr. concelleiro: transmitíuselles aos/ás veciños que o momento era complicado, pero que se teña en conta para no momento que haxa unha subvención o algunha facilidade para poder acometer isto, se faga.

3) En Ouces, nos bancos en Silvoso, que isto si que é algo sencillo, que teñen roto o listón de madeira que fai de bancada, e simplemente repoñelo.

PREGUNTAS:

1.- Para cuando están previstos los exámenes de oposición plaza intendente/cabo por promoción interna.

Sra. alcaldesa: realmente é de Oficial da Policía Local e nos próximos días sairá publicado, cando se poñan de acordo os membros do Tribunal sobre cal será o día exacto, que aínda non está definido.

2.- Después de la oleada de robos existentes en el concello durante estas semanas se ha realizado algún tipo de actuación o reunión con la guardia civil para reforzar la seguridad en la zona.

Sra. alcaldesa: si, ademais as relacións ca Garda Civil son sempre moi fluídas, sen os informa de todo, e se intenta cos medios posibles, tanto pola Garda Civil como pola Policía Local reforzar, pero os medios son escasos tanto por un lado como polo outro.

Sr. concelleiro: pero tomouse algunha medida específica, nalgunha zona en particular.

Sra. alcaldesa: non hai zona sen particular, e hai que estar vixiando todo o concello.

3.- Repoblación árboles polígono cuando se tiene previsto ya que los que se talaron ya han crecido por lo que dificulta la repoblación y saldría mas caro acondicionar de nuevo el terreno.

Sra. alcaldesa: nestes días están a eliminar os brotes que están a saír, o que lles levará unha semana ou dez días, dependendo do tempo, que non choiva. Despois a repoboación debería facerse antes de Nadal.

Sr. concelleiro: mediados de decembro, mais ou menos.

Sra. alcaldesa: si, dependendo do tempo.

Os Sres. concelleiros non adscritos D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira, presentaron os seus Rogos e Preguntas o día 23 de outubro, co núm. de rexistro de entrada: 9906.

Antes de pasar a formulalos o Sr. concelleiro Antón Sánchez García manifesta que lle quere aclarar unha cousa á voceira do Partido Popular: a moción que presentamos para a gravación dos plenos é para, con medios do concello, que se graven os plenos e se colguen na páxina web do concello. Non falamos nada de que calquera cidadán libremente poida vir a gravar un pleno; esas cuestións, que son dereitos das persoas, non se votan por maioría. Aínda que quixeramos votar por maioría que os plenos non fosen públicos, iso é un dereito, polo tanto esas cousas non se votan. Unha cousa é que se confunda vostede e outra que queira confundir aos veciños e veciños.

Sra. voceira do PP: perdoe, voulle responder, estou falando do que o BNG presentou, eu xa non sei se vostede é BNG ou que cousa é; entón penso que me debería responder o BNG, grazas.

Sr. concelleiro: eu o que non sei é se non tes claras as cousas ou queres confundir; xa che estou dicindo e aclarando como é. É unha cousa de dereitos que por moita maioría que haxa non se poden cambiar, non intentes confundir.

Sra. voceira do PP: a verdade non é solo a súa.

Sr. concelleiro: non, a verdade non, iso é así, é confundir o cu coas témporas.

Sra. alcaldesa: por favor, estamos en rogos e preguntas.

O Sr. concelleiro pasa seguidamente a formular os rogos e preguntas presentados; son os seguintes:

ROGOS:

1) *Solicitamos a limpeza e clausura do vertedoiro incontrolado que existe nun monte en Peteiro dende hai anos, e que xa temos denunciado en reiteradas ocasións sen que dende o concello se teña dado unha solución satisfactoria ao mesmo. (achega foto)*

Sra. alcaldesa: farase, aínda que o da clausura..., non podemos prever cando vai ir alguén.

Sr. concelleiro si, pero nos sitios onde hai xa se ten posto noutras ocasións “prohibido verter escombros”.

Sra. alcaldesa: si, algún cartel que sexa un pouco disuasorio.

2) *Camiño público e asfaltado, en Rois (no medio das casas). Precisa dunha limpeza en condicións. (Solicitud feita por rexistro o 24/01/12). (achega foto)*

Sra. alcaldesa:

3) *Gustaríanos saber cando vai cumprir a concellería de obras e servizos co compromiso adquirido de limpar a marxe do río en Miodelo, na zona que está a carón do lavadoiro i en todo o resto desa marxe.*

Sr. concelleiro: en principio ía ser cando pasara o verán, e está igual sen limpar.

Sra. alcaldesa: non está igual, limpouse unha das marxes e parte do que está sen limpar está aínda pendente de saber quen son os propietarios, xa que hai propietario privados nesas parcelas.

Sr. concelleiro: a marxe xa se limpou; o compromiso era de limpar o que queda, e había ese compromiso.

Sra. alcaldesa: farase o posible, pero se hai propietarios privados....

Sr. concelleiro: pero propietarios privados habería antes e despois, cando se dixo que si, que se ía limpar. Non se din as cousas así por dicir.

PREGUNTAS:

1) *O tempo segue a pasar e non vemos que se avance o máis mínimo na elaboración dun PXOM para Bergondo. Quixeramos coñecer o estado actual sobre a cuestión e as previsións a curto prazo.*

Sra. alcaldesa: previsiblemente a semana que ven poderíamos convocar a Comisión Informativa.

Sr. concelleiro: ¿para qué?.

Sra. alcaldesa: porque a licitación terá que aprobala o Pleno e irá á Comisión Informativa.

Sr. concelleiro: ¿isto é unha prioridade para o grupo de goberno?.

Sra. alcaldesa: por suposto.

Sr. concelleiro: pois non se nota, levamos ano e medio de mandato e aínda nin sequera empezamos coa licitación.

Sra. alcaldesa: recórdolle que acabamos de resolver o contrato.

Sr. concelleiro: o que sexa, é ano e medio e se isto é unha prioridade o que non sexa, non o imaxino xa.

2) *Cal é a súa valoración do proxecto da depuradora de Gandarío que está agora mesmo en período de licitación.?*

Sr. concelleiro: sábese se o proxecto de construción está aprobado definitivamente, se houbo unha resolución de aprobación, porque nós non temos constancia diso.

Sra. alcaldesa: eu o que lle podo dicir é que é un trámite que leva a Xunta de Galicia, desde Augas de Galicia e que o outro día saíu no DOGa o anuncio de licitación e podese ver o anteprojecto, que é o proxecto e a obra, en todo caso nos estamos en conversas con eles a diario, porque tamén dependían de informes que lles tiñamos que pasar desde o concello e supoñemos que está todo correcto.

Sr. concelleiro: pero se están en conversas diarias, ¿dixéronlle se está definitivamente aprobado o proxecto?.

Sra. alcaldesa: non é algo do que falamos.

Sr. concelleiro: a min me preocuparía, porque se presentaron alegacións, non foron contestadas; ten que estar o proxecto para licitación aprobado definitivamente. Lévaos a Xunta pero se o fai mal tamén nos afectará a nós.

3) Regulamento de participación veciñal. Estado actual de elaboración.

Sra. alcaldesa: dese aínda non hai proposta, como vostede di hai prioridades e segue o PXOM.

Sr. concelleiro: pois xa imaxino daquela o Regulamento de Participación Veciñal o destino, porque se as prioridades son o Plan Xeral e está como está.

Sra. alcaldesa: ¿algunha pregunta mais?

Sr. concelleiro: si, a fonte de Mariñán, que xa hai dous Plenos preguntáramos, e necesita moi pouquiña obra para facelo, eu rogo que se faga.

Tamén a limpeza da fonte en Covas; parece ser que é unha fonte que vai xente coller auga e demandan a súa limpeza.

A Sra. alcaldesa antes de dar por finalizada a sesión, felicita ao Partido Popular polos resultados obtidos nas recentes eleccións autonómicas, e ao novo parlamentario, o compañeiro da Corporación Antón Sánchez.

A Sra. voceira do PP e o Sr. concelleiro agradécenlle as felicitacións.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez